

D^a. M^a JESÚS LAGO REY, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **5 de novembro de 2014**, adoptou o seguinte acordo:

2.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO, NO ÁMBITO DA PRAZA DA PRINCESA E PRAZA DE ARGÜELLES, INCLUÍNDOS OS ESPAZOS SOTERRADOS ENTRE A RÚA ABELEIRA MENÉNDEZ E PRAZA DE ARGÜELLES. EXPTE. 7279/307.

Dáse conta da proposta asinada polo secretario da Mesa de Contratación, con data 5.11.14, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación celebrada o 05 de novembro de 2014, entre outros, acordou:

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no ámbito da praza da Princesa e Praza de Argüelles engadindo os espazos soterrados entre a rúa Abeleira Menéndez de Praza de Argüelles 2. (expediente 7279-307).

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 02-10-2014, 03-10-2014, 08-10-2014, 24-10-2014, 28-10-2014, 29-10-2014, 04-11-2014 e 05-11-2014 e dos informes do Enxeñeiro de Edificación e o responsable técnico de Patrimonio de data 20-10-2014, da xefa de Patrimonio Histórico de 28-10-2014 e 04-11-2014 e do Responsable técnico de Patrimonio de 04-11-2014, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Primeiro: considerar como desproporcionada a oferta presentada por DESMACO, S.L.. A vista do informe do Responsable técnico de Patrimonio de 04-11-2014.

Segundo: Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación das obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no ámbito da praza da Princesa e Praza de Argüelles engadindo os espazos soterrados entre a rúa Abeleira Menéndez de Praza de Argüelles 2. (expediente 7279-307, no seguinte orde decrecente:

1	UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U.	95,10
2	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS SL	90,59
3	CONSTRUCCIONES RAMIREZ	87,70
4	NAROM S.L.	86,46
5	CIVIS GLOBAL	84,96
6	ORECO SA	80,26
7	COPCISA S.A.	79,17
8	EMERGIS CONSTRUCCIÓN, S.L.	77,49
9	CONSTRUCCIONES ALEA S.L.	74,34
10	NATURGALIA S.A.	69,21

11	MOVIMENTOS DE ARIDO Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L.	69,43
12	STRADIA INFRAESTRUCTURAS SL	59,16
13	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS S.A	46,63

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU, para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil de acordo co apartado 13 a) das FEC.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.
- Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FECles se comprometeu na súa oferta.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 938,54 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a cinco de novembro do ano dous mil catorce.

me

V. e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez.